


SUBIR CONTIDOS A PÁXINA WEB DO CENTRO

1º Rexistrarse no bloque “Inicio de sesión” (último da esquerda). --> “Validar usuario”.


2º No bloque co noso nome de usuario (penúltimo da esquerda) escollemos “Crear contido”.




3º Escollemos “Historia”.

4º Completamos os diversos apartados:

- TITULO
- Escollemos a que categorías queremos que vaia a publicación, pode ir a varias (por exemplo: 1º primaria, 2º primaria, música, Nadal,...). Nas categorías infantil e primaria pódense escoller á vez varios cursos mantendo pulsada a tecla “Control” mentres facemos clic nas diferentes opcións.
- CORPO: Podemos engadir imaxes, textos, ligazóns,... Funcionamento similar a un editor de textos calquera (Word, Libreoffice Writer,...).
- IMAXE: Facemos clic na icona da árbore.



Clicamos en “explorar” (1) e seleccionamos a imaxe que queremos seleccionar. Despois abre outra ventá e prememos en “Upload” (2):




Escollemos no ordenador a imaxe que desexemos e prememos en “subir” . Escollemos a imaxe que acabamos de cargar (3). Prememos en insertar (4).


- VÍDEO: O vídeo debe estar en formato “flv” e non debe sobrepasar o 50 MB. ([Ligazón ao tutorial de format factory](#)). Dependendo da velocidade de conexión e do tamaño do arquivo, pode tardar bastante en subir.

Primeiro temos que subir o vídeo no apartado “Ficheiros adxuntos”. Ao facer click en “Navegar” (A) abre unha ventá na que buscamos o vídeo que queremos compartir. Unha vez escollido prememos en “Adxuntar” (B) e agardamos a que o suba.

NOTA: É recomendable interactuar coa páxina de cando en vez porque se non se fai nada a páxina “sae” automaticamente do noso usuario e cancela o proceso.



Unha vez subido aparecerá un recadro co nome do vídeo e debaixo un enderezo web que temos que copiar.



A seguir, facemos click no debuxo do negativo da película (ver imaxe 2 da 1ª páxina deste tutorial) e pegamos ese enderezo no recadro de “Arquivo/URL” e aceptamos premendo en insertar.

Unha vez rematado toda a publicación hai que lembrarse de “Gardar” no final da páxina.